



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NO 2017

Editorial Compostela, S.A

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar con Editorial Compostela, S.A., o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde o 15.06.2017 ata o 30.11.2017.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Difundir nos seus medios de comunicación información relativa á imaxe de Santiago de Compostela nos distintos ámbitos de actuación da Xunta de Galicia: o Camiño de Santiago, a capitalidade de Galicia, a cidade administrativa, a cidade universitaria, o tecido tecnolóxico e a competitividade, a cidade como destino turístico final e a súa proxección internacional, e calquera outra información que poida difundir unha imaxe moderna e de futuro da cidade de Santiago de Compostela.

O obxectivo final é que os santiagueses teñan unha imaxe clara do que Santiago de Compostela representa no presente e as súas posibilidades no futuro como capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Este convenio pretende establecer as condicións a través das cales se vai a articular a colaboración entre a Secretaria Xeral de Medios e a entidade colaboradora para contribuír á realización de actuacións de difusión da cidade de Santiago de Compostela nos distintos ámbitos, económico, social, cultural, turístico e institucional.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

